

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**Organismo:**

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no Diario Oficial de Galicia)	

**SUMARIO:**

*Orde do de de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.*

**TEXTO:**

(Escribir a dous espazos)

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 85 as condicións específicas de admisión do alumnado en etapas postobrigatorias. No apartado 2 do devandito artigo dispónse que nos procedementos de admisión de alumnado aos ciclos formativos de grao medio ou de grao superior de formación profesional, cando non existan prazas suficientes, se atenderá exclusivamente ao expediente académico do alumnado con independencia de que este proceda do mesmo centro ou doutro distinto.

O Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional no sistema educativo, regula no seu capítulo V a oferta, o acceso, a admisión e a matrícula nos ciclos formativos de formación profesional, e no seu artigo 20 establece que a oferta das ensinanzas correspondentes a ciclos formativos de grao medio e de grao superior de

formación profesional poderá flexibilizarse, permitindo que estas ensinanzas se poidan ofrecer de xeito completo ou parcial, así como nas modalidades presencial ou a distancia.

Así mesmo, o Decreto 30/2007, do 15 de marzo, establece no seu título V os criterios de admisión para os ciclos formativos de graos medio e superior de formación profesional específica. Esta norma autoriza esta consellería, na súa disposición derradeira primeira, para ditar as disposicións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do establecido neste decreto, así como, na disposición adicional primeira, para establecer procedementos telemáticos no proceso de admisión do alumnado de formación profesional.

O Real decreto 1467/1997, do 19 de setembro, establece no seu artigo 11 a reserva do tres por cento das prazas para solicitantes que teñan acreditada a condición de deportista de alto nivel.

O Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, regula a cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficio dirixidos a eles.

A Orde do 23 de abril de 2007 regula o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional en réxime ordinario e para as persoas adultas, e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior.

As peculiaridades dos procesos de admisión, para o primeiro curso dos ciclos formativos de formación profesional no réxime ordinario, aconsellan unha xestión centralizada destes que permita un tratamento máis áxil das solicitudes presentadas polas persoas interesadas nos centros docentes; todo iso, para lograr o obxectivo fundamental de mellorar a eficacia no servizo á cidadanía que perseguen tanto as administracións públicas como os centros docentes privados que, mediante a subscripción do correspondente concerto educativo, imparten estas ensinanzas.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, facendo uso das competencias que lle confire o artigo 34°.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPÓN:

## **Capítulo I. Obxecto e ámbito de aplicación**

### **Artigo 1°. Ámbito de aplicación.**

A presente orde ten por obxecto regular o procedemento de admisión do alumnado en réxime ordinario e para as persoas adultas nos ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior nos centros docentes públicos e centros privados que teñan estas ensinanzas concertadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

### **Artigo 2°. Determinación dos postos escolares dispoñibles.**

1. As persoas titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinarán o número de postos escolares dispoñibles, en réxime ordinario, de cada un dos ciclos formativos de formación profesional nos centros sostidos con fondos públicos que se vaian impartir nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no seguinte curso escolar, consonte a capacidade destes, así como co establecido no seu réxime de autorización e co número de unidades concertadas, no caso dos centros privados concertados.

2. As persoas titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinarán o número de postos escolares dispoñibles, polo réxime de persoas

adultas, de cada un dos módulos profesionais ofrecidos, que se vaian impartir nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. De acordo coa planificación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e con anterioridade á apertura dos prazos fixados para a presentación de solicitudes, o consello escolar de cada centro docente público, ou consello social, no caso de centros integrados de formación profesional, fará publicidade dos ciclos formativos que se ofrezan no seu centro e do número de postos escolares dispoñibles para cada un deles, así como dos módulos profesionais en oferta parcial, con especificación da modalidade: presencial, semipresencial ou a distancia.

No caso dos centros privados concertados, a publicidade das ensinanzas profesionais en réxime de concerto realizaraa quen exerza a súa titularidade.

### **Artigo 3º. Distribución das prazas dispoñibles.**

1. A distribución dos postos escolares dispoñibles nos centros docentes públicos e privados concertados aterase aos seguintes criterios:

a) O 80 % dos postos escolares ofreceráselle ás persoas que cumpran algún dos requisitos para o acceso directo que se recollen nos apartados 1 e 2 do artigo 5 da presente orde, para os ciclos formativos de grao medio, e nos apartados 1 e 2 do artigo 6 da mesma orde, para os ciclos formativos de grao superior.

b) O 20 % restante ofreceráselle a quen teña superada a proba á que se refiren os apartados 3 e 4 do artigo 5 da presente orde, para os ciclos formativos de grao medio, e nos apartados 3 e 4 do artigo 6 da mesma orde, para os ciclos formativos de grao superior.

c) Os postos escolares vacantes correspondentes ao apartado a) que non se adxudiquen acrecentarán o 20 % establecido no apartado b). Do mesmo xeito, se quedasen postos escolares vacantes sen adxudicar ás persoas que teñan superada a proba de acceso, estes acrecentarán o 80 % establecido no apartado a).

d) Quen cumpra simultaneamente os requisitos de acceso directo aos ciclos formativos de grao medio ou superior e os de acceso mediante proba non poderá presentar a solicitude de acceso mediante proba. De o facer, excluírase do proceso de admisión.

2. Do total de postos escolares que se ofrecen, reservarase un 10 % para estudantes que teñan recoñecida unha discapacidade, respectando as porcentaxes fixadas nos apartados a) e b) do apartado anterior.

Os postos escolares reservados ás persoas con discapacidade que non resulten cubertos acumularanse aos restantes ofrecidos.

3. Con carácter xeral, todos os ciclos formativos disporán dun 3 % adicional de prazas reservadas para as persoas que cumpran os requisitos de deportista galego de alto nivel, segundo o establecido no Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro. Para estes efectos, os deportistas nacionais de alto nivel recibirán o mesmo tratamento, de conformidade co artigo 11 do Real decreto 1467/1997, do 19 de setembro.

#### **Artigo 4º. Información relativa ao proceso de admisión.**

1. Os centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional deberán dar unha información exhaustiva de todo o proceso de admisión do alumnado, expondo nos seus taboleiros de anuncios o seguinte:

a) Normativa reguladora da admisión e da matrícula do alumnado.

b) Oferta global de ciclos formativos de graos medio e superior na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Calendario de realización das fases do proceso de admisión e matrícula, nomeadamente as datas de publicación das listaxes de persoas admitidas, así como dos prazos de reclamación.

2. A información mencionada no apartado anterior poderá consultarse na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>. Neste mesmo enderezo, as persoas solicitantes poderán consultar de xeito personalizado a súa situación, cunha identificación previa, en relación ao acceso ao primeiro curso das ensinanzas polo réxime ordinario.

3. O centro de inscrición será o referente das persoas solicitantes durante todo o proceso ata que se formalice a matrícula.

## **Capítulo II. Requisitos de acceso**

### **Artigo 5º. Ciclos formativos de grao medio en réxime ordinario.**

1. Para acceder aos ciclos formativos de grao medio de formación profesional requirirase dispor do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

2. Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, poderase acceder de forma directa aos ciclos formativos de grao medio con estas titulacións ou con estes estudos superados:

- a) Título de técnico dun ciclo formativo de grao medio de formación profesional específica.
- b) Título de técnico auxiliar de formación profesional.
- c) Segundo curso do bacharelato unificado e polivalente (BUP).
- d) Segundo curso do primeiro ciclo experimental da reforma das ensinanzas medias (REM).
- e) Das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos, terceiro curso do plan de estudos de 1963 ou segundo curso de comúns experimental.
- f) Outros estudos declarados equivalentes para efectos académicos con algún dos anteriores.

3. Tamén poderán acceder aos ciclos formativos de grao medio de formación profesional, sen cumpriren os requisitos mencionados nos apartados 1 e 2 anteriores, as persoas solicitantes que teñan superada a proba de acceso aos ciclos formativos prevista no artigo 41.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e desenvolvida no artigo 22 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro.

4. Quen teña superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos poderá acceder, se así o solicita, pola cota reservada a probas de acceso indicada no artigo 3.1. b) da presente orde, coa cualificación de 5,00 puntos para os efectos de baremación.

#### **Artigo 6º. Ciclos formativos de grao superior en réxime ordinario.**

1. Para acceder aos ciclos formativos de grao superior de formación profesional requírese dispor do título de bacharel establecido na citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

2. Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, poderase acceder aos ciclos formativos de grao superior con estas titulacións ou con estes estudos superados:

- a) Título de bacharel establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

b) Segundo curso de calquera modalidade de bacharelato experimental regulado pola Orde ministerial do 21 de outubro de 1986 (BOE do 6 de novembro).

c) Curso de orientación universitaria (COU) ou preuniversitario (PREU).

d) Título de técnico especialista, de técnico superior ou equivalente para efectos académicos.

e) Titulación universitaria ou equivalente, para efectos académicos.

3. Tamén poderán acceder aos ciclos formativos de grao superior de formación profesional, sen cumpriren os requisitos mencionados nos apartados 1 e 2 anteriores, as persoas solicitantes que tivesen aprobada a correspondente proba de acceso prevista no artigo 41.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, desenvolvida no artigo 24 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro.

4. Quen teña superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos poderá acceder, se así o solicita, pola cota reservada a probas de acceso indicada no artigo 3.1 b) da presente orde, coa cualificación de 5,00 puntos para os efectos de baremación.

#### **Artigo 7º. Oferta parcial de módulos profesionais polo réxime para as persoas adultas.**

1. Poderán incorporarse á oferta de módulos profesionais polo réxime para as persoas adultas aquelas persoas que teñan cumpridos dezaioito anos ou os cumpran no ano natural en que comeza o curso escolar.

Excepcionalmente, poderán cursar estas ensinanzas as persoas maiores de dezaseis anos que o soliciten e teñan un contrato laboral que lles impida acudir aos centros educativos polo réxime ordinario ou sexan deportistas de alto rendemento, segundo o procedemento que se establece no artigo 6º.2 da Orde do 23 de abril de 2007.

2. Con carácter xeral, os requisitos académicos de acceso aos módulos profesionais ofrecidos de xeito parcial serán os mesmos que os establecidos nos artigos 5 e 6 desta orde para o réxime ordinario.

3. Non obstante o anterior, de acordo co artigo 34 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, coa finalidade de facilitar a formación permanente, a integración social e a inclusión de persoas e grupos desfavorecidos no mercado de traballo, poderán acceder a esta oferta parcial de módulos sen cumpriren os requisitos académicos de acceso aquelas persoas adultas que desexen cursar ofertas de módulos profesionais incluídos en títulos e asociados a unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, sempre que teñan acreditada unha experiencia laboral equivalente ao traballo a tempo completo de dous anos nunha actividade laboral directamente relacionada co sector profesional do ciclo formativo que se desexe cursar.

### **Capítulo III. Criterios para a admisión do alumnado**

#### **Artigo 8º. Criterios xerais.**

1. Nos centros docentes públicos, correspóndelle ao consello escolar dos centros docentes públicos, ou ao consello social, o estudo das solicitudes presentadas e da documentación acreditativa.

2. Nos centros privados concertados, a admisión do alumnado correspóndelle a quen exerza a súa titularidade, e o consello escolar deberá garantir o cumprimento das normas xerais de admisión, consonte o disposto na redacción do artigo 57.c) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, logo da modificación establecida na disposición derradeira primeira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio. Con este fin, o referido consello escolar asesorará a quen exerza a titularidade do centro, que será responsable do cumprimento das citadas normas.

3. En ningún caso haberá discriminación na admisión do alumnado por razóns ideolóxicas, relixiosas, morais, sociais, de sexo, de raza nin de nacemento.

4. Nos centros docentes onde houber suficientes postos escolares dispoñibles para atender todas as solicitudes presentadas, admitiranse todas as persoas solicitantes que cumpran os requisitos de acceso establecidos na presente orde. Só no caso de que non haxa nos centros prazas suficientes para atender todas as solicitudes de ingreso, aplicaranse os criterios de prioridade, e establecerase a valoración obxectiva que lle corresponda a cada solicitante de acordo cos artigos 9 e 10 da presente orde.

5. Con carácter xeral, non poderá condicionarse a admisión do alumnado ao resultado de probas ou exames, bardante as recollidas nos artigos 5º.3 e 6º.3 da presente orde. Quedarán exceptuados, de acordo coa disposición adicional segunda da presente orde, os ciclos formativos que, polas súas peculiaridades, poidan supor un risco para o alumnado, por requirirse determinadas condicións físicas ou psíquicas.

6. O alumnado matriculado nun determinado ciclo formativo polo réxime ordinario ha ter dereito a permanecer escolarizado no devandito ciclo formativo no mesmo centro docente no seguinte curso escolar, sen necesidade de se someter a un novo proceso de admisión, nas condicións que se establecen no artigo 5º da Orde do 23 de abril de 2007. Para tal fin, deberase solicitar a reserva de praza para o curso seguinte no prazo ordinario establecido no artigo 11º da presente orde.

7. O alumnado matriculado en oferta parcial nas modalidades presencial, semipresencial ou a distancia non terá dereito á reserva de praza para o curso seguinte. En caso de continuar os seus estudos deberase someter a un novo proceso de admisión.

**Artigo 9º. Criterios de prioridade en ciclos formativos de grao medio e superior en oferta completa polo réxime ordinario.**

De non existiren postos escolares suficientes para atender todas as solicitudes, teranse en conta os seguintes criterios de prioridade:

1. No caso das persoas que accedan aos ciclos formativos de grao medio de formación profesional por requisitos académicos, atenderase á nota media do expediente académico dos estudos requiridos para o acceso, con independencia de que estas persoas procedan do mesmo centro educativo ou doutro distinto.

2. Nos ciclos formativos de grao superior de formación profesional, e segundo o disposto no artigo 27º.5 do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, cando non existan prazas suficientes terá prioridade o alumnado que:

- a) Cursara a modalidade de bacharelato que se determine para cada ciclo coas materias vinculadas a el.
- b) Cursara a modalidade de bacharelato sen algunha das materias vinculadas ao ciclo.
- c) Cursara algunha das modalidades de bacharelato distintas das establecidas nos parágrafos anteriores.
- d) Dispoña do título de técnico superior ou equivalente.
- e) Dispoña dunha titulación universitaria ou equivalente.

Dentro de cada un dos colectivos anteriores, a orde de prioridade virá determinada por:

- 1) Maior nota media no expediente académico en relación á titulación académica de acceso.
- 2) Maior nota ou maior nota media nas materias vinculadas.
3. No caso das persoas que accedan aos ciclos formativos de grao medio ou superior mediante proba de acceso, atenderase á nota final de devandita proba, con independencia de que estas persoas procedan do mesmo centro educativo ou doutro distinto.
4. Quen queira acceder por ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e quen acredite a exención total da proba de acceso a ciclos formativos participarán no proceso coa cualificación de 5,00 puntos.
5. En caso de empate entre varias persoas solicitantes por un mesmo posto escolar, e co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representado na área profesional en que se demande a praza de formación. De persistir o empate, resolverase mediante sorteo público.

Annualmente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fará públicos os criterios de desempate en cada ciclo formativo con anterioridade á primeira adxudicación de prazas.

**Artigo 10º. Criterios de prioridade na oferta parcial de módulos polo réxime para as persoas adultas.**

1. Cando nos centros non existan postos escolares suficientes para atender todas as solicitudes, aplicarase o seguinte baremo:

a) Por cumprir os requisitos académicos de acceso a que se refiren os artigos 5º e 6º da presente orde: 10 puntos.

b) Pola experiencia laboral equivalente ao traballo a tempo completo dun ano nun sector produtivo directamente relacionado co ciclo formativo ao que pertence o módulo profesional: 3 puntos por cada ano ata un máximo de 15 puntos.

c) Por módulos xa acreditados do ciclo formativo: 2 puntos por cada módulo.

2. En caso de empate entre varias persoas que soliciten un mesmo posto escolar, atenderase ao disposto no artigo 9.4 da presente orde.

3. O alumnado que desexe repetir un módulo profesional polo réxime de persoas adultas deberase someter a un novo proceso de admisión, sempre que non teña esgotado o número de convocatorias ás que ten dereito, segundo se establece no artigo 4.2º da Orde do 23 de abril de 2007.

#### **Capítulo IV. Prazos de presentación de solicitudes e documentación**

##### **Artigo 11º. Prazo de presentación de solicitudes.**

1. Con carácter xeral e con independencia do réxime solicitado (ordinario ou de persoas adultas), establécense dous prazos de presentación de solicitudes de admisión:

- O prazo ordinario será do 17 de xuño ao 2 de xullo, ambos os dous incluídos.

- O prazo extraordinario abranguerá desde o día 1 ao 12 de setembro, ambos os dous incluídos.

2. Para os efectos do procedemento de adxudicación e matriculación nas ensinanzas de formación profesional, entenderase por período ordinario o comprendido entre o 17 de xuño e o 31 de xullo de cada ano. O período extraordinario abranguerá desde o 1 de setembro ata o 31 de outubro.

3. Quen presente a solicitude no prazo ordinario sempre terá preferencia sobre quen a presente no prazo extraordinario.

4. No réxime ordinario, unicamente poderá presentar a solicitude de admisión quen cumpra algún dos requisitos especificados nos artigos 5º e 6º da presente orde no momento da inscrición.

5. No réxime para as persoas adultas, unicamente poderán presentar a solicitude de admisión as persoas que cumpran os requisitos especificados no artigo 7º desta orde no momento da inscrición.

**Artigo 12º. Documentación para presentar polas persoas solicitantes de ciclos formativos polo réxime ordinario.**

1. Cada solicitante de novo ingreso ao primeiro curso dun ciclo formativo presentará unha única instancia, segundo o modelo do anexo I, para os ciclos formativos de grao medio, ou o do anexo II, para os ciclos formativos de grao superior, que entregará no centro onde se imparta o ciclo solicitado en primeiro lugar. Na instancia faranse constar, por orde de preferencia, os ciclos que desexe cursar e os centros onde se impartan.

Tamén é posible cubrir a solicitude na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>, que se deberá presentar na secretaría do centro onde se imparta o ciclo formativo que se solicite en primeiro lugar.

Sen este último requisito, a solicitude enténdese como non válida.

En caso de que a persoa solicitante presente máis dunha instancia, non se terá en conta ningunha

delas e procederáse á súa escolarización ao final do proceso, se houber praza. De igual xeito procederáse respecto das instancias que se presenten fóra de prazo. Unicamente se admitirán dúas instancias no caso de que se soliciten ciclos de grao diferente.

2. Deberase xuntar á solicitude a seguinte documentación:

a) Fotocopia cotexada do documento de identificación: DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade da Unión Europea.

b) Quen solicite acceso directo a ciclos formativos de grao medio deberá achegar certificación oficial da titulación ou dos estudos requiridos para o acceso, consonte os apartados 1 ou 2 do artigo 5º da presente orde, na que figuren as cualificacións das materias e na que conste ter efectuado o depósito do título, de ser o caso.

O cálculo do expediente académico aterase ao disposto no capítulo sexto desta orde.

Para facilitar o proceso de admisión establécese no artigo 21º un modelo específico de certificado de estudos, que utilizarán os centros expedidores.

c) Quen solicite acceso directo a ciclos formativos de grao superior deberá achegar certificación oficial da titulación requirida para o acceso, na que figuren as cualificacións das materias e na que conste ter efectuado o depósito do título.

En caso de cumprir varios dos requisitos establecidos no artigo 6º da presente orde para o acceso directo, a persoa solicitante deberá presentar a documentación relativa á titulación de acordo coa seguinte orde de prioridade:

- Titulación universitaria ou equivalente.
- Título de técnico especialista, técnico superior ou equivalente para efectos académicos.
- Curso de orientación universitaria ou preuniversitario.

- Segundo curso de calquera modalidade de bacharelato experimental regulado pola Orde ministerial do 21 de outubro de 1986.

- Título de bacharel establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro.

- Título de bacharel establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

De non presentar esta documentación, excluírase do proceso de admisión.

O cálculo do expediente académico aterase ao disposto no capítulo sexto desta orde.

d) Quen solicite acceso mediante proba deberá achegar unha copia compulsada do certificado da superación da proba de acceso aos ciclos formativos solicitados. As persoas que accedan por ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos ou acrediten a exención total da proba de acceso a ciclos formativos deberán presentar copia compulsada da correspondente certificación.

e) As persoas discapacitadas que opten ás prazas reservadas deberán presentar o correspondente certificado acreditativo de minusvalía, xunto co seu ditame técnico facultativo.

f) Quen solicite praza por reserva adicional para deportistas galegos de alto nivel, de acordo co que se establece no artigo 6º.1. letra c), do Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, presentará ademais a resolución personalizada da consellería competente pola que obtén a consideración de deportista galego de alto nivel. Se a persoa solicitante é deportista de alto nivel con recoñecemento a nivel do Estado deberá presentar a correspondente resolución personalizada do Consello Superior de Deportes.

g) Quen achegara titulacións obtidas no estranxeiro deberá presentar volante de inscrición condicional, segundo o modelo recollido como anexo II na Orde ECD/3305/2002, do 16 de decembro, pola que se modifica a Orde do 14 de marzo de 1988 e a Orde do 30 de abril de 1996,

para a aplicación do disposto no Real decreto 104/1988, do 29 de xaneiro (BOE do 28 de decembro), sobre homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria.

3. O alumnado que se promova de 1º a 2º curso no mesmo centro deberá entregar a solicitude de reserva de praza para o segundo curso de acordo co modelo do anexo III, para ciclos de grao medio, ou do anexo IV, para ciclos de grao superior.

4. Consonte o artigo 5º.2 da Orde do 23 de abril de 2007, o alumnado terá dereito a repetir unha vez cada curso académico no mesmo centro. Para tal fin, deberá presentar a solicitude recollida nos anexos I ou II da presente orde para a repetición de primeiro curso, ou ben os anexos III ou IV da presente orde, para a repetición de segundo curso.

5. O alumnado repetidor de primeiro curso que desexe formalizar a matrícula nun centro diferente deberá someterse a un novo proceso de admisión centralizado, e presentará os anexos I ou II, segundo corresponda, xunto coa documentación establecida no apartado 1 deste artigo.

6. O alumnado que se promova ao 2º curso e o repetidor de segundo curso, que desexe formalizar a matrícula nun centro diferente, deberá presentar nel a solicitude de admisión establecida nos anexos III ou IV desta orde, e achegar a seguinte documentación:

- Fotocopia do documento de identificación: DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade da Unión Europea.
- Certificación do centro de orixe coa baremación da nota de acceso ao ciclo. En caso de non a presentar, deberá ser baremado novamente polo centro en que solicite a praza, para o que deberá xuntar a documentación a que se fai referencia no apartado 1 deste artigo.
- Copia compulsada do informe de avaliación final de primeiro curso, onde conste explicitamente

que se cumpren os criterios de promoción ao segundo curso.

7. As persoas solicitantes que cumpran os requisitos de acceso establecidos nos artigos 5º e 6º desta orde, procedentes do réxime para as persoas adultas ou que teñan acreditados módulos profesionais de primeiro curso adquiridos polo procedemento de recoñecemento da competencia profesional ou os superaran mediante probas libres, poderán presentar a solicitude de admisión directamente no segundo curso do ciclo formativo correspondente, sempre que cumpran os requisitos de promoción establecidos no artigo 5º.2 da Orde do 23 de abril de 2007.

A solicitude presentarse no centro onde se desexe realizar a matrícula e axustarse ao modelo establecido no anexo III, para ciclos de grao medio, ou no anexo IV, para ciclos de grao superior. Ademais da documentación relacionada no apartado 1 deste artigo, deberase presentar copia compulsada da certificación acreditativa dos módulos xa superados.

8. O alumnado que teña pendente de superación unicamente o módulo de FCT (e/ou do proxecto, no caso de ciclos de grao superior) poderá realizar unha segunda matrícula para estes módulos no mesmo ano académico, sempre que non teña esgotado o número máximo de convocatorias.

Os períodos de realización da FCT serán os establecidos no artigo 6º.4 da Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A matrícula deberá formalizarse no mes inmediatamente anterior ao comezo do correspondente período. O alumnado deberá presentar o modelo de solicitude que se recolle no anexo III da presente orde, para ciclos de grao medio, ou no anexo IV, para ciclos de grao superior.

Xuntarse á solicitude unha copia compulsada do informe de avaliación final de módulos de segundo

curso, onde conste explicitamente que se cumpren os criterios de acceso aos módulos de FCT (e de proxecto, no caso de ciclos de grao superior).

**Artigo 13º. Documentación para presentar por quen solicite módulos profesionais polo réxime para as persoas adultas.**

1. Quen solicite módulos profesionais polo réxime para as persoas adultas, nas modalidades presencial, semipresencial ou a distancia, presentará unha solicitude de admisión para cada ciclo formativo en cada centro autorizado para impartir estas ensinanzas, e relacionará por orde de preferencia os módulos profesionais que se desexen cursar. En todo caso, a carga horaria total dos módulos profesionais solicitados en oferta parcial de forma presencial non poderá superar as 960 horas lectivas anuais, e sempre que se garanta a compatibilidade horaria do 90 % nos módulos solicitados, segundo se establece na Orde do 23 de abril de 2007.

A instancia de solicitude axustarase ao modelo do anexo V, para módulos profesionais de grao medio, ou do anexo VI, para módulos profesionais de grao superior. Xuntarase ademais a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do documento de identificación: DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade da Unión Europea.
- b) As persoas discapacitadas que opten ás prazas reservadas deberán presentar o correspondente certificado acreditativo de minusvalía, xunto co seu ditame técnico facultativo.
- c) Quen solicite praza por reserva adicional para deportistas galegos de alto nivel deberá presentar a resolución personalizada da consellería competente pola que obtén a consideración de deportista galego de alto nivel. Se a persoa solicitante é deportista de alto nivel con recoñecemento a nivel do

Estado deberá presentar a correspondente resolución personalizada do Consello Superior de Deportes.

d) Se a persoa solicitante cumpre os requisitos xerais de acceso directo establecidos nos apartados 1 ou 2 dos artigos 5º e 6º da presente orde, presentará unha certificación oficial da titulación ou dos estudos requiridos para o acceso.

e) Se a persoa solicitante cumpre os requisitos de acceso mediante proba xuntará o certificado da superación da proba de acceso aos ciclos formativos solicitados.

Quen teña superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos ou acredite a exención total da proba de acceso a ciclos formativos deberá presentar a correspondente certificación.

f) Se a persoa solicitante acredita experiencia laboral relacionada co sector profesional do ciclo formativo que se desexe cursar, presentará a seguinte documentación:

- Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, ou da mutualidade laboral á que estivera afiliada, en que conste a vida laboral, a categoría e o período de contratación (traballadores e traballadoras por conta allea).

- Certificación da empresa onde se especifique a duración do contrato, a categoría laboral, a actividade desenvolvida directamente relacionada co ciclo formativo ao que pertenza o módulo profesional, e período en que se realizara.

- Certificación de alta no imposto de actividades económicas e, de ser o caso, do período de cotización no correspondente réxime especial da seguridade social (traballadores e traballadoras por conta propia).

g) Se a persoa solicitante xa ten módulos superados do ciclo formativo, deberá presentar a

correspondente certificación acreditativa.

## **Capítulo V. Resolución do procedemento de admisión**

### **Artigo 14. Órganos competentes para resolver a admisión do alumnado.**

1. O consello escolar de cada centro público, ou o consello social, é o órgano competente para decidir sobre a admisión do alumnado que solicite as ensinanzas que se impartan nel, con estrita suxeición ao establecido nesta orde e nas demais disposicións aplicables.

No caso dos centros privados concertados, quen exerza a súa titularidade será responsable do estrito cumprimento das normas xerais sobre a admisión do alumnado, e correspóndelle ao consello escolar participar no proceso de admisión para garantir o seu cumprimento.

2. Os devanditos órganos colexiados dos centros docentes públicos ou quen exerza a titularidade dos centros privados concertados poderán requirir das persoas solicitantes a documentación que estimen oportuna para a xustificación das situacións e das circunstancias alegadas.

3. A falsificación ou a ocultación de datos implicará a exclusión do proceso de admisión.

### **Artigo 15. Comisión autonómica de escolarización no proceso de admisión no primeiro curso de ciclos formativos polo réxime ordinario.**

1. Con anterioridade ao 30 de xuño de cada ano, constituirase unha comisión autonómica de escolarización única con ámbito de actuación en toda a Comunidade Autónoma de Galicia, consonte o establecido no artigo 31º.3 do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, que terá a seguinte composición:

- Presidencia: exercida polo subdirector ou a subdirectora xeral de Formación Profesional, ou persoa en quen delegue.

- Secretaría: exercida por un funcionario ou unha funcionaria da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, con voz e sen voto.

- Vogalías:

· Unha persoa en representación da Federación de Asociacións de Pais de Alumnos.

· Un director ou unha directora, preferentemente dun instituto de educación secundaria ou dun centro integrado de formación profesional que impartan ciclos de graos medio e superior, membro da Xunta Autónoma de Directores.

· Unha persoa representante do Consello Galego de Formación Profesional.

· Unha persoa con rango de xefe ou xefa de servizo designada pola Subdirección Xeral de Formación Profesional.

· Dous asesores técnicos ou asesoras técnicas, por designación da Subdirección Xeral de Formación Profesional.

· O inspector ou a inspectora que coordinen o proceso de admisión de alumnado en cada provincia, por designación do delegado ou da delegada provincial.

A comisión autónoma de escolarización poderá solicitar informes dos membros da inspección médica de cada delegación para valorar as solicitudes do alumnado con discapacidade e as posibles

limitacións para poderen cursar con aproveitamento as ensinanzas, co obxecto de garantir a eficacia da formación e do posterior exercicio das competencias profesionais inherentes ao título.

2. Funcións da comisión autonómica de escolarización:

- a) Coordinar e supervisar o proceso de admisión do alumnado nos ciclos formativos de graos medio e superior.
- b) Supervisar o proceso de informatización que se realice para a adxudicación de prazas nos ciclos formativos de graos medio e superior.
- c) Elaborar as relacións de persoas solicitantes ás que se lles adxudica praza, para a súa aprobación e publicación polo consello escolar ou consello social de cada centro.
- d) Emitir informes sobre as reclamacións e os recursos que teña que resolver a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.
- e) Emitir ditames de escolarización sobre as solicitudes do alumnado con discapacidade.

3. Os membros da comisión poderán percibir asistencias e axudas para gastos e de locomoción por concorrer ás sesións, consonte o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

**Artigo 16. Resolución do procedemento de admisión de solicitantes ao primeiro curso dos ciclos formativos polo réxime ordinario.**

Para a resolución do procedemento de admisión do alumnado ao primeiro curso dun ciclo formativo de graos medio ou superior polo réxime ordinario, cando non haxa postos escolares suficientes, realizaranse as seguintes actuacións:

1. Os centros docentes publicarán no taboleiro de anuncios as prazas que ofrezan en cada ciclo formativo, de acordo coa autorización recibida.
2. Finalizados os prazos ordinario e extraordinario de presentación de solicitudes aos que se fai referencia no artigo 11º da presente orde, e analizada a documentación achegada polas persoas solicitantes, os centros cargarán os datos na aplicación informática de xestión facilitada pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais. O consello escolar de cada centro docente público, ou o consello social, e quen exerza a titularidade dos centros privados concertados, publicarán no taboleiro de anuncios do centro a relación provisional de solicitantes, por orde alfabética, con indicación da puntuación conseguida e das opcións por prioridade, no prazo máximo de tres días hábiles desde a finalización da data de presentación de solicitudes de admisión.
3. Contra a devandita relación provisional, as persoas solicitantes poderán presentar a correspondente reclamación no prazo máximo de cinco días hábiles desde a súa publicación perante a dirección do centro. Igualmente, nos centros privados concertados, durante este mesmo prazo, as persoas solicitantes poderán formular ante quen exerza a súa titularidade as alegacións que estimen convenientes.

4. Transcorrido o devandito prazo, a dirección dos centros docentes públicos, por indicación do consello escolar ou do consello social, e quen exerza a titularidade dos centros privados concertados resolverán sobre as reclamacións presentadas e cargarán as relacións definitivas de solicitantes na aplicación informática de xestión, no prazo máximo de dous días hábiles desde a finalización do prazo de presentación de reclamacións.

5. A comisión autonómica de escolarización elaborará as correspondentes relacións de persoas solicitantes admitidas ás prazas ofrecidas, que se remitirán ao consello escolar, ou ao consello social, ou a quen exerza a titularidade dos centros privados concertados, para a súa aprobación definitiva. Posteriormente, a relación de persoas admitidas e excluídas publicarase no taboleiro de anuncios dos centros educativos e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>, e isto servirá de notificación ás persoas interesadas.

6. O prazo máximo de matriculación para as persoas ás que se lles adxudique praza será de catro días hábiles. A dirección dos centros docentes públicos, por indicación do consello escolar ou consello social, e quen exerza a titularidade dos centros privados concertados gravarán a relación de alumnos e alumnas que formalicen matrícula mediante a aplicación informática de xestión.

7. A partir da información existente na aplicación informática de xestión, a comisión autonómica de escolarización xerará novas relacións ordenadas de solicitantes, que se enviarán aos centros docentes interesados durante os períodos ordinario e extraordinario de matriculación, mediante a correspondente aplicación informática. A devandita resolución publicarase no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>, e isto servirá de notificación ás persoas interesadas.

8. O alumnado que repita o primeiro curso por primeira vez no mesmo centro terá a praza garantida e deberá formalizar a súa matrícula coincidindo co período de matriculación relativo á primeira adxudicación de prazas da comisión autonómica de escolarización.

**Artigo 17º. Resolución do procedemento de admisión de solicitantes ao segundo curso dos ciclos formativos polo réxime ordinario.**

Para a resolución do procedemento de admisión do alumnado ao segundo curso dun ciclo formativo de graos medio ou superior polo réxime ordinario, cando non haxa postos escolares suficientes, realizaranse as seguintes actuacións:

1. Unha vez finalizado o prazo ordinario de presentación de solicitudes de admisión, e unha vez analizada a documentación achegada con estas, o consello escolar de cada centro docente público, ou o consello social, e quen exerza a titularidade dos centros privados concertados publicarán no taboleiro de anuncios do centro educativo a relación provisional de solicitantes, con indicación de todas as circunstancias que acrediten o cumprimento dos requisitos de acceso e criterios de prioridade. Esta publicación realizarase no prazo máximo de tres días hábiles desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2. O alumnado solicitante poderá presentar ante a dirección do centro a correspondente reclamación no prazo de cinco días hábiles desde tal publicación. Igualmente, nos centros privados concertados, durante este mesmo prazo, os alumnos e as alumnas solicitantes poderán formular ante quen exerza a titularidade do centro as alegacións que se estimen convenientes.

3. O consello escolar ou o consello social dos centros docentes públicos, e quen exerza a titularidade dos privados concertados publicarán no taboleiro de anuncios do centro a resolución definitiva coa relación de alumnado admitido e excluído, na que se recollerán os requisitos de acceso e os criterios de prioridade que correspondan. A citada resolución servirá de notificación ás persoas interesadas e exporase no taboleiro de anuncios do centro correspondente.

4. O prazo máximo de matriculación para as persoas adxudicatarias será de catro días hábiles.

5. O consello escolar ou consello social xerarán novas relacións ordenadas de solicitantes, que se publicarán no taboleiro de anuncios do centro. A publicación da devandita resolución servirá de notificación ás persoas interesadas.

6. O alumnado que repita o segundo curso por primeira vez no mesmo centro terá a praza garantida e deberá formalizar a súa matrícula coincidindo co período de matriculación relativo á primeira adxudicación de prazas do consello escolar ou consello social.

Igual reserva de praza terá o alumnado que se promova no mesmo centro ao segundo curso para o ano académico seguinte.

**Artigo 18º. Resolución do procedemento de admisión de solicitantes á oferta parcial modular polo réxime para as persoas adultas.**

A resolución do procedemento de adxudicación de prazas axustarase ao establecido no artigo 17º, agás o apartado 6.

**Artigo 19º.- Matriculación e renuncia á adxudicación.**

1. As persoas admitidas en cada fase do proceso teñen a obriga de formalizar a matrícula nos prazos que se indiquen, segundo o modelo do anexo VII.

2. No primeiro curso polo réxime ordinario, quen non se admitira na praza solicitada en primeiro lugar poderá renunciar á praza outorgada. Esta renuncia implica tamén desistir de todas as demais prazas solicitadas en opcións de menor preferencia a esa, permanecendo nas listas de espera das opcións con maior prioridade. O modelo de renuncia á adxudicación axustarase ao anexo VIII desta orde.

3. As persoas solicitantes admitidas que non se matriculen ou non presenten renuncia no prazo indicado perderán o dereito á praza concedida e procederase á súa escolarización ao final do proceso, se houber vacantes.

4. A formalización da matrícula nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria quedará condicionada a que haxa unha cantidade mínima de alumnado para cada un dos ciclos formativos de graos medio ou superior que a Administración educativa determine.

**Artigo 20º. Proceso de admisión en ciclos formativos ou módulos profesionais con prazas liberadas**

O alumnado que, cumprindo os requisitos de admisión, non formalizara a solicitude de admisión nos prazos correspondentes, así como aquel que, obtendo adxudicación, non se matriculara dentro do

prazo establecido, poderá matricularse unicamente naqueles ciclos formativos polo réxime ordinario ou módulos profesionais polo réxime de persoas adultas que teñan a condición de liberados, é dicir, aqueles en que existan prazas vacantes e carezan de lista de espera, ata se cubriren as prazas ofrecidas e coa data límite do 31 de outubro. Os centros efectuarán a matrícula por rigorosa orde de chegada das solicitudes.

A relación dos ciclos formativos coa condición de liberados para o primeiro curso e o número de prazas dispoñibles en cada un deles poderase consultar en todo momento na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

## **Capítulo VI. Xustificación dos requisitos académicos para quen solicite acceso directo**

### **Artigo 21º. Acceso directo mediante titulacións obtidas no ámbito do territorio do Estado español.**

1. As persoas solicitantes que obtiveran na Comunidade Autónoma de Galicia as titulacións ás que se fai referencia nos artigos 5º e 6º da presente orde, agás aquelas que acrediten estudos universitarios, deberán xustificar os requisitos académicos mediante os modelos de certificación recollidos nos anexos IX e X desta orde. Esta certificación será emitida pola secretaría do centro onde se remataran os estudos requiridos para o acceso ao ciclo.
2. As persoas solicitantes que obtiveran tales titulacións fóra da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar, no canto dos anexos IX ou X, unha certificación académica con especificación das cualificacións, coa finalidade de que o centro onde presentaran a solicitude realice a súa baremación.

Os centros realizarán a baremación dos requisitos académicos por medio dun programa informático facilitado pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

3. As persoas solicitantes coa titulación de bacharelato en música deberán presentar, no canto do anexo X, unha certificación académica con especificación das cualificacións por materia, coa finalidade de que o centro onde presentaran a solicitude realice a súa baremación, coa axuda do programa informático facilitado pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

4. Na baremación dos expedientes académicos correspondentes a titulacións obtidas no resto do territorio do Estado español que permiten o acceso directo en que figure validación parcial de cursos ou materias por correspondencia cos estudos realizados no estranxeiro, non se terán en conta as materias nin os cursos validados.

5. Procedemento para o cálculo da nota media do expediente académico para o acceso a ciclos formativos de grao medio:

a) No caso dos solicitantes que cursaran a educación secundaria obrigatoria que se establece na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, ou na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, entanto que non se determine na normativa específica, será a puntuación obtida como media aritmética das cualificacións logradas nas áreas, nas materias e nos ámbitos do cuarto curso, agás a materia de relixión, expresada con dúas cifras decimais.

b) Para o alumnado procedente do segundo curso do bacharelato unificado e polivalente, a nota media do expediente obterase dividindo entre dous a suma da nota media dos cursos primeiro e segundo do BUP.

c) Sempre que cumpra transformar a cualificación cualitativa en cuantitativa para a obtención da nota media do expediente académico, empregaranse as seguintes equivalencias: suficiente=5,5; ben=6,5; notable=7,5; sobresaliente e matrícula de honra=9.

O resultado de aplicar as equivalencias indicadas anteriormente expresarase como media aritmética das cualificacións medias de todos os cursos que integran os respectivos plans de estudos, con dúas cifras decimais.

d) Para determinar a media do expediente académico non se considerarán as materias nin áreas que se teñan validadas nin nas que se tivera exención.

6. Procedemento para o cálculo da nota media do expediente académico para o acceso a ciclos formativos de grao superior:

a) No caso do alumnado solicitante que cursara o bacharelato que se establece na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, ou na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, a nota media do expediente obterase coa media aritmética das cualificacións logradas nas materias de ambos os dous cursos, agás a materia de relixión, expresada con dúas cifras decimais.

b) Para o alumnado procedente do bacharelato unificado e polivalente, e do curso de orientación universitaria, a nota media do expediente obterase dividindo entre catro a suma da nota media de

cada un dos cursos de BUP mais a de COU. No caso de PREU, obterase dividindo entre tres a suma da nota media de quinto de bacharelato, sexto de bacharelato e PREU.

c) Sempre que cumpra transformar a cualificación cualitativa en cuantitativa para a obtención da nota media do expediente académico, empregaranse as seguintes equivalencias: suficiente=5,5; ben=6,5; notable=7,5; sobresaliente e matrícula de honra=9.

O resultado de aplicar as equivalencias indicadas anteriormente expresarase como media aritmética das cualificacións medias de todos os cursos que integran os respectivos plans de estudos, con dúas cifras decimais.

d) Para determinar a media do expediente académico non se considerarán as materias nin áreas que se teñan validadas nin nas que se tivera exención.

e) O alumnado procedente do Sistema Universitario de Galicia presentará certificación académica en que conste a nota media simple, obtida segundo establece a Resolución do 15 de marzo de 2005, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do protocolo de colaboración suscrito entre esta consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos.

Ás persoas solicitantes que non presenten a certificación anterior, calcularáselles o expediente académico con base nos seguintes criterios:

- Matrícula de honra=4; Sobresaliente=3; Notable=2; Aprobado=1; Suspenso=0.

- No caso de expedientes con cualificacións non numéricas establecidas no rango de 0 a 10, estas cualificacións trasladaranse ao baremo anterior segundo o seguinte criterio de conversión:

- Cualificación < 4,9: suspenso: 0 puntos.
- Cualificación entre 5,0 e 6,9: aprobado: 1 punto.
- Cualificación entre 7,0 e 8,9: notable: 2 puntos.
- Cualificación entre 9 e 10: sobresaliente: 3 puntos.
- Cualificación entre 9 e 10 e consignación de matrícula de honra: 4 puntos.
- Na determinación da nota media teranse en conta unicamente as convocatorias efectivamente consumidas, é dicir, aquelas realmente empregadas e cualificadas con suspenso, aprobado, notable, sobresaliente, matrícula de honra, ou os seus equivalentes numéricos.
- Nas materias validadas ou adaptadas tomarase como unha convocatoria efectivamente consumida.

## **Artigo 22º. Acceso directo mediante titulacións obtidas fóra do territorio do Estado español**

1. Quen alegue para o acceso directo titulacións homologadas ou en trámite de homologación, por correspondencia coas obtidas no estranxeiro, deberá xuntar a seguinte documentación:

- a) Credencial definitiva de homologación dos seus estudos cos correspondentes españois. En lugar disto, quen non posúa a credencial indicada anteriormente deberá achegar volante de inscrición condicional, segundo o modelo recollido como anexo II na Orde ECD/3305/2002, do 16 de decembro, pola que se modifican as do 14 de marzo de 1988 e do 30 de abril de 1996, para a aplicación do disposto no Real decreto 104/1988, do 29 de xaneiro.
- b) Expediente académico expedido no estranxeiro, que se deberá axustar aos requisitos seguintes:

- Ser oficial e con cualificacións por materia e curso, e estar expedido polas autoridades competentes para iso, consonte o ordenamento xurídico do país de procedencia.

- Presentarse legalizado por vía diplomática ou, de ser o caso, mediante a apostila do Convenio da Haia. Este requisito non se lles esixirá aos documentos expedidos nos estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo polas autoridades competentes dos devanditos estados.

- Xuntárselle, de ser o caso, a súa correspondente tradución oficial ao galego ou ao castelán.

- A tradución deberá estar realizada por tradutor xurado ou tradutora xurada, coa debida autorización ou inscrición en España, calquera representación diplomática ou consular do Reino de España no estranxeiro, ou representación diplomática ou consular en España do país de procedencia do documento.

2. A presentación do volante de inscrición provisional no centro solicitado en primeiro lugar ha permitirá a inscrición condicionada en todos os centros e para todos os ciclos relacionados na solicitude de inscrición.

3. A inscrición no proceso de admisión estará condicionada á resolución do expediente de homologación por parte do Ministerio de Educación e Ciencia. No suposto de que a resolución non se producira nos termos solicitados pola persoa interesada e incluídos no citado volante, quedará sen efecto a inscrición no proceso de admisión aos ciclos formativos de graos medio ou superior, e a conseguinte matrícula.

4. O alumnado solicitante que alegue titulacións homologables cos estudos do bacharelato vixentes establecidos na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, elixirá, no momento de realizar a solicitude, a modalidade ou opción correspondente aos estudos españois homologados ou en trámite de homologación que permiten o acceso directo aos ciclos formativos de grao superior de formación profesional específica solicitados.

5. A Subdirección Xeral de Formación Profesional será a encargada de baremar os expedientes académicos correspondentes aos estudos estranxeiros alegados pola persoa solicitante. A puntuación outorgada será expresada con dúas cifras decimais.

6. Procedemento para o cálculo da nota media do expediente académico para o acceso a ciclos formativos de grao medio.

a) Titulacións homologables cos estudos da educación secundaria obrigatoria que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, ou na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro: para o cálculo da nota media terase en conta o derradeiro curso do plan de estudos da titulación estranxeira alegada pola persoa solicitante, homologada ou con volante para a inscrición provisional.

b) Titulacións homologables cos estudos de segundo do bacharelato unificado e polivalente: para o cálculo da nota media teranse en conta os dous derradeiros cursos que integren o plan de estudos da titulación estranxeira alegada pola persoa solicitante, homologada ou con volante para a inscrición provisional.

c) Titulacións homologables cos estudos de técnico auxiliar: para o cálculo da nota media teranse en conta os dous derradeiros cursos que integren o plan de estudos da titulación estranxeira alegada

pola persoa solicitante, homologada ou con volante para a inscrición provisional, e esta determinarase como media aritmética das puntuacións medias logradas en cada curso.

d) Titulacións homologables cun ciclo formativo de grao medio de formación profesional: para o cálculo da nota media do expediente académico teranse en conta as materias dos dous derradeiros cursos que integren o plan de estudos da titulación estranxeira alegada pola persoa solicitante, homologada ou con volante para a inscrición provisional, e esta determinarase como media aritmética das cualificacións logradas nas materias de ambos os cursos.

7. Procedemento para o cálculo da nota media do expediente académico para o acceso a ciclos formativos de grao superior:

a) Titulacións homologables cos estudos do bacharelato establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, ou na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro: para o cálculo da nota media teranse en conta os dous derradeiros cursos que integren o plan de estudos da titulación estranxeira alegada pola persoa solicitante, homologada ou con volante para a inscrición provisional.

b) Titulacións homologables cos estudos de COU: para o cálculo da nota media teranse en conta os catro últimos cursos que integren o plan de estudos da titulación estranxeira alegada pola persoa solicitante, homologada ou con volante para a inscrición provisional.

c) Titulacións homologables cos estudos de FP-2: para o cálculo da nota media teranse en conta os tres derradeiros cursos que integren o plan de estudos da titulación estranxeira alegada pola persoa solicitante, homologada ou con volante para a inscrición provisional, e esta determinarase como media aritmética das puntuacións medias logradas en cada curso.

d) Titulacións homologables cun ciclo formativo de grao superior de formación profesional específica ou de artes plásticas e deseño: para o cálculo da nota media do expediente académico teranse en conta as materias dos dous derradeiros cursos que integren o plan de estudos da titulación estranxeira alegada pola persoa solicitante, homologada ou con volante para a inscrición provisional, e esta determinarase como media aritmética das cualificacións logradas nas materias de ambos os cursos.

e) Titulacións homologables con estudos universitarios: para o cálculo da nota media teranse en conta todas as materias e os cursos que integren o plan de estudos da titulación estranxeira alegada pola persoa solicitante, homologada ou con volante para a inscrición provisional, e expresarase como media aritmética das puntuacións medias logradas en cada curso.

## **Capítulo VII. Solicitude de convocatoria extraordinaria**

### **Artigo 23º. Aspectos xerais.**

O alumnado que esgotara o número máximo de convocatorias previstas para cada módulo profesional poderá solicitar ante a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais unha convocatoria extraordinaria para rematar os seus estudos, sempre que concorrera algunha das seguintes circunstancias:

- Doenza prolongada de carácter físico ou psíquico, tanto do alumno ou da alumna como de familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, no período correspondente á última convocatoria ordinaria.

- Discapacidade que implique autorización de flexibilización modular para completar os estudos.
- Calquera outra circunstancia que condicione ou impida o desenvolvemento ordinario dos estudos.

**Artigo 24º. Procedemento de solicitude de convocatoria extraordinaria.**

1. A solicitude deberá presentarse na secretaría do centro educativo onde se cursara a última convocatoria das ensinanzas de formación profesional.
2. O centro remitirá ao Servizo Provincial de Inspección Educativa correspondente a devandita solicitude, xunto coa certificación académica actualizada e os informes da titoría e da dirección do centro sobre a conveniencia ou non da matrícula.
3. O devandito servizo emitirá un informe sobre a procedencia ou non da concesión da convocatoria extraordinaria, que deberá remitir á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, para que esta resolva. Contra esta resolución, a persoa interesada poderá interpor recurso de alzada no prazo máximo dun mes perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.
4. Unha vez concedida a convocatoria extraordinaria, o alumno ou a alumna deberán formalizar a matrícula nun centro educativo que teña a condición de liberado para rematar os seus estudos.
5. O prazo de presentación de solicitudes de convocatoria extraordinaria abranguerá desde o 17 de xuño ao 30 de setembro de cada ano.

## Capítulo VIII. Traslados de matrícula

### Artigo 25º. Aspectos xerais.

1. Entenderase por traslado de matrícula o procedemento polo que un alumno ou unha alumna matriculados oficialmente solicitan, antes da finalización do correspondente curso académico, cursar as mesmas ensinanzas de formación profesional nun centro educativo ou nun réxime diferente daquel en que formalizaran a súa matrícula.

2. Unicamente procederá a admisión de solicitudes de traslado de matrícula nos seguintes casos, que deberán acreditarse documentalmente:

- Doenza grave de carácter físico ou psíquico, tanto do alumno ou da alumna como de familiares ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.

- Incorporación a un posto de traballo mediante un contrato de duración superior a dous meses, que impida cursar de xeito presencial os estudos no centro onde se estea matriculado.

- Desprazamento a diferente localidade da do pai, a nai ou a persoa que exerza a titoría legal, con quen conviva a persoa solicitante.

3. Con carácter xeral, non se admitirá ningún traslado durante o período oficial de matriculación, que rematará o 31 de outubro de cada ano, bardante no caso de alumnado procedente doutras comunidades.

4. Non procederá en ningún caso a autorización de traslado de matrícula cando o alumno ou a alumna teñan perdido o dereito á avaliación continua no centro de orixe.

5. O procedemento de traslado de matrícula non será de aplicación ao alumnado procedente de renuncia ou que causara baixa no ciclo formativo. En caso de querer continuar os seus estudos, deberá someterse a un novo proceso de admisión no curso académico seguinte.

6. Non se tramitarán solicitudes de traslado de matrícula nos dous últimos meses do primeiro curso, nin nos dous meses anteriores ao inicio do período ordinario de realización do módulo de FCT durante o segundo curso do ciclo formativo.

7. Unicamente se permitirán traslados de matrícula dentro do mesmo réxime, ou do réxime ordinario ao réxime para as persoas adultas.

#### **Artigo 26º. Procedemento de traslado de matrícula.**

O proceso que deben seguir o alumnado e os centros será o seguinte:

1º. O alumno ou a alumna presentarán a solicitude de traslado no centro onde soliciten ser admitidos, e indicarán documentalmente as causas que xustifican a súa petición.

2º. De non existir prazas vacantes ou no caso de que as razóns en que se basee a solicitude de traslado non sexan as previstas no artigo anterior ou non estean debidamente xustificadas, a dirección do centro resolverá negativamente sobre a devandita solicitude. En caso contrario, a dirección do centro solicitado requirirá do centro de orixe a seguinte documentación:

a) Certificación académica oficial.

b) Informe de avaliación individualizado, no que deberán constar as cualificacións parciais e as valoracións da aprendizaxe outorgadas ata ese momento á persoa interesada, así como as medidas de

reforzo educativo e de flexibilización modular adoptadas. Este informe será elaborado polo titor ou a titora do ciclo formativo a partir dos datos facilitados polo profesorado.

c) Certificación da dirección do centro de orixe de non ter perdido o dereito á avaliación continua.

d) Relación e seguimento das programacións didácticas dos módulos formativos do curso para o que se solicita o traslado.

3º. A dirección do centro solicitado resolverá sobre a petición de traslado no prazo máximo de 20 días naturais, con base na documentación recibida e no informe elaborado polo titor ou a titora do curso correspondente do seu centro, en relación á oportunidade ou non da concesión, tendo en conta as programacións didácticas dos módulos dos centros de orixe e de destino. O centro enviará copia da solicitude de traslado e da súa resolución ao Servizo Provincial de Inspección Educativa.

4º. Contra esta resolución, a persoa interesada poderá interpor recurso de alzada no prazo máximo dun mes ante o delegado ou a delegada provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá, valorando o informe previo do Servizo de Inspección Educativa. A devandita resolución esgotará a vía administrativa.

5º. Ao alumnado que iniciara os estudos en administracións educativas onde a programación dos módulos estea secuenciada en períodos educativos diferentes aos da Comunidade Autónoma de Galicia, no caso de resolución positiva da solicitude de traslado, confeccionáraselle un horario o máis favorable dentro das posibilidades horarias do centro. Esta circunstancia deberase pór en coñecemento do correspondente servizo provincial de inspección educativa.

Así mesmo, o centro informará a estas persoas dos módulos que teñan pendentes de cursar para a obtención do título e a súa secuencia temporal e académica, así como dos módulos que deban ter superados antes da realización do módulo de formación en centros de traballo, de ser o caso.

## **Capítulo IX. Reclamacións e recursos**

### **Artigo 27º. Reclamacións e recursos.**

1. Os acordos e as decisións do consello escolar dos centros docentes públicos, ou do consello social, sobre a admisión do alumnado poderán ser obxecto de reclamación ante ese órgano colexiado no prazo de cinco días hábiles, contados a partir da data de publicación, quen resolverá no prazo máximo de cinco días hábiles.
2. Os acordos e as decisións que sobre a admisión do alumnado adopte quen exerza a titularidade dos centros privados concertados poderán ser obxecto de reclamación polas persoas interesadas perante os propios titulares dos centros no prazo de cinco días hábiles. Contra as resolucións destas reclamacións poderá presentarse denuncia ante os delegados ou as delegadas provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por incumprimento das normas que regulan a admisión do alumnado. A resolución dos delegados ou das delegadas provinciais porá fin á vía administrativa.
3. No caso da resolución do consello escolar, do consello social ou da comisión autonómica de escolarización pola que se aproba e publica a relación definitiva de solicitantes que se admitan a cada ciclo, no caso do proceso centralizado de admisión de alumnado de primeiro curso, poderase interpor recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais,

na forma prevista no artigo 114. 2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O resto das resolucións poderá ser obxecto de recurso de alzada ante o delegado ou a delegada provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

No resto dos casos, o recurso de alzada presentarase ante o delegado ou a delegada provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

4. Dentro dos prazos legais, o recurso de alzada e a reclamación deberán resolverse de xeito que se garanta a adecuada escolarización do alumnado.

A presentación de reclamacións ante o consello escolar ou consello social, ou de recursos ante a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, así como a súa resolución, non implicará a paralización do proceso de admisión e matrícula.

## **Capítulo X. Infracción das normas de admisión do alumnado**

### **Artigo 28º. Infraccións das normas de admisión do alumnado.**

1. O consello escolar dos centros docentes públicos, ou o consello social, responsabilizarase de que a adxudicación de postos escolares en oferta completa polo réxime ordinario e oferta parcial de ciclos formativos polo réxime para as persoas adultas se ataña ao disposto na presente orde. Nos centros privados concertados, o seu consello escolar velará para que quen exerza a súa titularidade realice a adxudicación do mesmo xeito. En ningún caso o número de postos escolares adxudicados poderá ser superior ao autorizado.

2. As responsabilidades en que se puidese incorrer como consecuencia da infracción das normas sobre admisión do alumnado nos centros docentes públicos esixiranse consonte os procedementos que en cada caso sexan de aplicación.

3. A infracción de tales normas nos centros docentes privados concertados poderá dar lugar ás sancións por incumprimento do concerto previstas na disposición derradeira primeira, apartado 10, da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, que modifica a Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

## **Capítulo XI. Disposicións adicionais**

### **Disposición adicional primeira. Cualificación de apto ou apta en convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio ou grao superior**

As persoas solicitantes que pretendan acceder a un ciclo formativo mediante a superación da proba de acceso e que acheguen certificacións expresadas coa cualificación de apto ou apta participarán no proceso mediante a transformación desa cualificación na puntuación de 5,00.

### **Disposición adicional segunda. Acreditación de condicións específicas de acceso do alumnado a determinadas ensinanzas profesionais**

1. De conformidade coa disposición adicional sexta do Real decreto 1538/2006, para acceder, independentemente da oferta, a determinadas ensinanzas de formación profesional que, polo seu perfil profesional, requiran determinadas condicións psicofísicas ligadas a situacións de seguridade

ou saúde, poderase requirir a achega da documentación xustificativa necesaria ou a realización de determinadas probas, sempre que así se indique na norma pola que se regule cada título.

2. Cando se trate de persoas con discapacidade, estes requirimentos adicionais deberán respectar a lexislación en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

### **Disposición adicional terceira. Protección de datos**

Na xestión dos procesos de acceso e admisión a que se refire esta orde respectarase a normativa sobre protección de datos de carácter persoal, consonte a lexislación vixente.

## **Capítulo XII. Disposicións transitorias**

### **Disposición transitoria primeira**

En cumprimento do disposto na disposición derogatoria única do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, aplicarase o anexo I do Real decreto 777/1998, do 30 de abril, polo que se desenvolven determinados aspectos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo, entanto que non se actualicen ou se substitúan na norma correspondente as modalidades de bacharelato preferentes e as materias vinculadas para cada ciclo formativo de grao superior.

### **Disposición transitoria segunda**

Entanto que non se aprobe e entre en vigor a normativa específica que desenvolva as competencias dos consellos sociais, nos centros integrados de formación profesional débese entender que o órgano competente é o consello escolar.

### **Capítulo XIII. Disposicións derogatorias**

#### **Disposición derogatoria única. Derogación normativa**

Quedan derogadas todas aquelas normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido na presente orde.

### **Capítulo XIV. Disposicións derradeiras**

#### **Disposición derradeira primeira. Autorización para o desenvolvemento da presente orde**

Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para aplicar e interpretar o contido da presente orde, para ditar as normas precisas para o seu desenvolvemento, así como para fixar prazos diferentes dos previstos nesta orde para a admisión de solicitudes e formalización de matrícula nas ensinanzas obxecto dela, e para regular ofertas de formación profesional específica para determinados colectivos de poboación con necesidades especiais.

#### **Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor**

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2007

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

INSÍRASE NO DOG